



A xeira das árbores. Fragmento

Teresa Moure

Xa estou outra vez repasando. Vou respirar tranquila e durmir. Só quero durmir... e deixarme de lembranzas. Non vimos como mamá se rompía diante de nós, coma se fose un puzzle, rachando, desintegrándose... aquela nai tan nova e fermosa que tiñamos, que nos dicían pola rúa "se pareceades irmás, ti e as túas fillas". Aquela muller diluíase en optalidóns para esquecer a humillación de que (cada vez que o mundo lle era desagradable, cada vez que o xefe lle rifaba, cada vez que os cartos non chegaban, cada vez que algo nel se rebelaba...) el chegara con ganas de pegar e pegáralle.

Tentara deixalo varias veces, infrutuosamente. El, terrible na convivencia, intolerante, iracundo, persistente, proxectaba a súa sombra tras dela. E mamá convenciase de que el cambiaría: "esta vez si, que o prometeu, agora vannos ir mellor as cousas, e que sería deste home sen min? Se levamos xuntos toda a vida, se non sabe facer nada na casa, el precísame e... se non se puxera así, coma un tolo, cando bebe. Ademais, onde vou ir eu cos tres nenos? Que parvada! El non me deixaría ir cos nenos; son a súa familia, o seu orgullo. A ver, onde iría eu soa? Dime, eh?... O matrimonio, sabémolo todas, é coma unha tea de araña. Algunha vez, nos primeiros anos, téñome marchado para a casa da miña nai. Cres que alguén me axudou? El viña todas as noitiñas a falar connosco, a dicirnos que ía cambiar, el... parecía un mozo namorado... Era bo crerlle... Os nenos crecen mellor nunha familia e eu non quería ser unha carga para os vellos... El tecía a tea de araña. Non podía irme do seu lado... Viviría con el toda a vida, iso prometera cando casamos... Meu Deus, ese ruído... coído que acaba de entrar pola porta!... Non te poñas así, por favor! Foi un despiste! Eu non collín nada da túa mesa, xa sabes que nin o po lle limpo para non che cambiar os papeis de sitio... Eu? Eu nin mirei para o teu compañeiro, xa o sabes, que outra cousa non, mais iso... ben podes poñer a man no lume por min. Ai! Ai! Non, non te atreverás... Direillo a túa nai... Ai! Ai! Vannos sentir os nenos... Mira ben o que fas, que me matas... Non eran as nove aínda cando cheguei, serían as oito e vinte, que estiven falando un cacho co meu irmán na praza... Ai! Pois preguntallo a el, preguntalle a Suso, se non me cres, que el cho dirá... Nin me toques outra

vez, Ai! Aiii!!! Estou sangrando, malvado, que nin sei como puiden quererte nunca... Se non fose polos nenos..., se non fose porque non teño onde ir..., se non fose por esta terrible dor de cabeza..., ódiate, oes? Ó-DI-O-TE Ai!! Noon, noon, iso non, por favor, non quero, déixame, déixame curar sequera esta ferida, Ai, debo ter o e brazo roto!, non quero que escoiten nada os nenos, fai o que queiras de min e déixame dunha vez, besta..."

Aquel día non puidera máis: lambera os esputos escumosos das beirarrúas, enviara coitelos sen mango e o seu sangue abrollaba das veas manchando as escaleiras dunha inesperada cor violeta. O aire da casa estaba envelenado de palabras non ditas. As fotos da familia, gardadas en cadros, en portarretratos, espaxeadas polas mesiñas, polos corredores, polos aparadores viráranse todas de costas. Ninguén se decatara de tan ridículo como era: Mar de primeira comunión de costas ao fotógrafo, os nenos, aínda bebés, sentados na mesa medio espidos, colocadiños contra a cámara, a foto da voda cos pais de mans enlazadas ensinando as calugas. Debeu andar na procura de canto optalidón esquecido houbera polos caixóns porque o farmacéutico, coa nena que eu era mirando atenta, xa lle advertira tempo atrás: "mira que non podo venderche máis". Xuntaría quince ou dezaseis. Xa non lle cumpría auga para tomalos que os enviaba en seco, de tanta práctica como tiña. Non se despediría das nenas, nin de Roberto, noutro o predilecto, un pouco maior, máis capaz de entender o que había. Non lle daría pena marchar, ao contrario. Marcharía tan campante, sorrindo, convencida de atopar un campo con flores doutro lado da morte, un paraíso de botóns rosa que facían esquecer a brutalidade, a opresión, o silencio..., convencida de que máis valía unha eternidade quieta que un minuto máis sacudida.

Despois da desgraza ninguén lles dirixira una palabra a eles, aos nenos. Había que entender ás tías, á avoa. Vaia papelón! Como pronunciar ante os cativos a palabra suicidio? Como dicir bater, golpe, maltrato? Como falar da dor, da soidade? Como explicar a decisión de mamá sen lle chamar covarde? E, sobre todo: como explicar a decisión de mamá sen lle chamar a papá culpable? A avoa e as tías participaban do saber da tribo que ela volvera ver anos despois. Negáronlles aos nenos unha parte da realidade para non afectalos, como se os nenos non tivesen cheirado, comido, mamado desa parte pastosa, morna, fedorenta da realidade. Protexeron os nenos da verdade, non fose que a verdade os mancara. Dixeron que a mamá marchara de viaxe, que axiña volvería. Tanto tiña. Os nenos, petrificados, xa o entenderan todo. Logo as tías, a avoa dixeron que a mamá fora vivir ao ceo. "Levaría optalidóns abondo? Como sempre ten dor de cabeza...", preguntou ela inocente. Inocente? "Cala, nena". Querían que pensaran na mamá coma nun anxo benfeitor. "Cala, nena". A mamá

adurmiñada, drogada para non ver o que vía, era agora unha anxiña activa, que pregaba por eles a canto poder supremo atopaba. Resultaba pouco crible. “Cala, nena”. Cando os adultos inventan historias desastrosas, os nenos apiádanse deles e finxen acreditar neles. É dese xeito como se constrúen mitoloxías: elevando ata os deuses aos mortos por accidente, por descoido, por culpas que deben permanecer ignoradas. Porén, ela era menos submisa que os seus irmáns e desbarataba as escusas. “Mamá non falará con ninguén, que sempre está cansa... E se é verdade iso, dicídelle que deixe todo e veña, que eu quero mamá”. “Cala, nena”. Os maiores negáronlle outra explicación. En torno dela comezara a crecer, xa daquela, o silencio.